- Expresións e léxico específico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación sistemática entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e doutras linguas: orixe e parentescos.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, así como por coñecer informacións culturais dos países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos.

UD	Título da UD	Duración
5	La musique francophone contemporaine	20

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Extraer e analizar as ideas principais, a información relevante e as implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e de certa complexidade, orais, escritos e multimodais, sobre temas de relevancia persoal ou de interese público, tanto concretos coma abstractos, expresados de forma clara e na lingua estándar, mesmo en contornas moderadamente ruidosas a través de diversos soportes.	Extraer e analizar as ideas principais de textos de certa lonxitude orais, escritos e multimodais.		
CA1.2 - Interpretar e valorar de maneira crítica o contido, a intención e os trazos discursivos de textos de certa lonxitude e complexidade, con especial énfase nos textos académicos e dos medios de comunicación, así como de textos de ficción, sobre temas xerais ou máis específicos de relevancia persoal ou de interese público.	Interpretar e valorar de maneira crítica o contido, a intención e os trazos discursivos de textos.	PE	50

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Redactar e difundir textos detallados de certa extensión e complexidade, cunha estrutura clara e adecuados á situación comunicativa, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, evitando erros que dificulten ou impidan a comprensión, reformulando e organizando de maneira coherente información e ideas de diversas fontes e xustificando as propias opinións sobre asuntos de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, facendo un uso ético da linguaxe, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio	Redactar textos de certa extensión e complexidade adecuados á situación comunicativa.		
CA1.4 - Expresar oralmente con suficiente fluidez e corrección textos claros, coherentes, ben organizados, adecuados á situación comunicativa e en diferentes rexistros sobre asuntos de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, co fin de describir, narrar, argumentar e informar, en diferentes soportes, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación, control, compensación e cooperación.	Expresar oralmente con suficiente fluidez e corrección textos coherentes.		
CA1.8 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma flexible e en diferentes contornas, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater, resolver problemas e xestionar situacións comprometidas.	Utilizar estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, solicitar explicacións, facer comparacións e resolver problemas.		
CA2.3 - Rexistrar e reflexionar sobre os progresos e as dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a aprendizaxe e realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe facendo eses progresos e dificultades explícitos e compartíndoos.	Reflexionar sobre os progresos e as dificultades realizando actividades de autoavaliación e coavaliación.	TI	50
CA3.1 - Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, analizando e rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo e solucionando aqueles factores socioculturais que dificulten a comunicación	Actuar de forma respectuosa en situación interculturais, rexeitando calquera tipo de discriminación e estereotipo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Autoconfianza, iniciativa e asertividade. Estratexias de autorreparación e autoavaliación como forma de progresar na aprendizaxe autónoma da lingua estranxeira.</li> <li>- Estratexias para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais.</li> </ul>

## Contidos

- Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: describir fenómenos e acontecementos; dar instrucións e consellos; narrar acontecementos pasados puntuais e habituais; describir estados e situacións presentes e expresar sucesos futuros e de predicións a curto, medio e longo prazo; expresar emocións; expresar a opinión; expresar argumentacións; reformular, presentar as opinións doutros e resumir.
- Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto e organización e estruturación segundo o xénero e a función textual.
- Convencións ortográficas e significados e intencións comunicativas asociadas aos formatos, patróns e elementos gráficos.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados: ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e recursos para evitar o plaxio.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Expresións e léxico específico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación sistemática entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e doutras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación e entendemento entre pobos, como facilitador do acceso a outras culturas e a outras linguas e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.

UD	Título da UD	Duración
6	Le septième art	20

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Extraer e analizar as ideas principais, a información relevante e as implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e de certa complexidade, orais, escritos e multimodais, sobre temas de relevancia persoal ou de interese público, tanto concretos coma abstractos, expresados de forma clara e na lingua estándar, mesmo en contornas moderadamente ruidosas a través de diversos soportes.	Extraer e analizar as ideas principais de textos de certa lonxitude orais, escritos e multimodais.		
CA1.2 - Interpretar e valorar de maneira crítica o contido, a intención e os trazos discursivos de textos de certa lonxitude e complexidade, con especial énfase nos textos académicos e dos medios de comunicación, así como de textos de ficción, sobre temas xerais ou máis específicos de relevancia persoal ou de interese público.	Interpretar e valorar de maneira crítica o contido, a intención e os trazos discursivos de textos	PE	37

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e os coñecementos adecuados para comprender a información global e específica e distinguir a intención e as opinións implícitas e explícitas dos textos sempre que estean claramente sinalizadas, inferir significados, interpretar elementos non verbais e buscar, seleccionar e contrastar información.	Aplicar as estratexias e coñecementos adecuados para comprender a información global dos textos.		
CA1.4 - Expresar oralmente con suficiente fluidez e corrección textos claros, coherentes, ben organizados, adecuados á situación comunicativa e en diferentes rexistros sobre asuntos de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, co fin de describir, narrar, argumentar e informar, en diferentes soportes, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación, control, compensación e cooperación.	Expresar oralmente con suficiente fluidez e corrección textos coherentes.		
CA1.7 - Planificar, participar e colaborar asertiva e activamente, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e os interlocutores, e ofrecendo explicacións, argumentos e comentarios	Participar e colaborar asertiva e activamente en situacións interactivas mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística		
CA1.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, que faciliten a comunicación, que sirvan para explicar e simplificar textos, conceptos e mensaxes e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función da tarefa e do coñecemento previo das interlocutoras e dos interlocutores.	Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, que faciliten a comunicación e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas e aos aspectos socioculturais.	TI	63
CA2.2 - Utilizar con iniciativa e de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utilizar estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar con apoio de soportes analóxicos ou dixitais.		
CA3.3 - Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<p>- Autoconfianza, iniciativa e asertividade. Estratexias de autorreparación e autoavaliación como forma de progresar na aprendizaxe autónoma da lingua estranxeira.</p> <p>- Estratexias para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, produción e coprodución de</p>

## Contidos

- textos orais, escritos e multimodais.
- Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás.
- Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: describir fenómenos e acontecementos; dar instrucións e consellos; narrar acontecementos pasados puntuais e habituais; describir estados e situacións presentes e expresar sucesos futuros e de predicións a curto, medio e longo prazo; expresar emocións; expresar a opinión; expresar argumentacións; reformular, presentar as opinións doutros e resumir.
- Léxico común e especializado de interese para o alumnado relativo ao tempo e ao espazo; estados, eventos e acontecemento; actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, académicas e profesionais; educación, traballo e emprendemento; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura e estratexias de enriquecemento léxico (derivación, familias léxicas, polisemia, sinonimia, antonimia...).
- Convencións ortográficas e significados e intencións comunicativas asociadas aos formatos, patróns e elementos gráficos.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados: ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e recursos para evitar o plaxio.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal e plataformas virtuais de interacción, colaboración e cooperación educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e das variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Expresións e léxico específico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación sistemática entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e doutras linguas: orixe e parentescos.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos a convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; institucións, costumes e rituais; valores, normas, crenzas e actitudes; estereotipos e tabús; linguaxe non verbal; historia, cultura e comunidades; relacións interpersoais e procesos de globalización en países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias de detección, rexeitamento e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía que empregaremos será ante todo, activa e participativa e centrarase na aprendizaxe competencial orientada ao exercicio dunha cidadanía activa.

Consideramos que existen dous dereitos fundamentais que converxen: primeiro, o do alumnado a recibir unha educación dunha certa calidade, entón, unha educación coherente e ordenada; e en segundo lugar, o dereito do profesor a escoller os métodos que considere xustos e ideais para levar a cabo o seu traballo. Polo tanto a elección da metodoloxía e estratexias de ensinanza -aprendizaxe que respondan á pregunta: Como ensinar? deben seguir os principios psicopedagóxicos e didácticos. Por unha banda, a aprendizaxe significativa onde as actividades e as experiencias propostas ao alumnado deben ter un censo e atribuírles un certo grado de autonomía. Por outra banda, a capacidade de construír e interactuar onde as actividades e o intercambio comunicativo sexan realmente construtivos. É por esta razón que é necesario priorizar estratexias de aprendizaxe cooperativo nas secuencias de aprendizaxe.

Por conseguinte, os principios metodolóxicos que van orientar a práctica educativa son os seguintes:

- A metodoloxía activa e participativa: invitar á colaboración activa do alumnado conleva unha dinámica xeral na clase onde a complicidade debe ser un elemento fundamental no proceso de ensinanza- aprendizaxe. Vámola poñer en práctica na corrección de tarefas, nas respostas, nas preguntas formuladas e nos proxectos de clase, así como nos cuestionarios sobre os documentos tanto escritos como audiovisuais propostos.



- Promover o traballo autónomo de maneira que os alumnos sexan capaces de desenvolver a capacidade que aparece na LOMLOE como competencia social e de aprender a aprender. O/ a profesor/a deberá axudar ao alumnado a pensar por si mesmo. Para logralo, consideraremos dous tipos de accións prioritarias: en primeiro lugar, as técnicas de estudo e de traballo (para acadar esta parte imos crear actividades en relación cos coñecementos previos do alumnado co fin de que poidan profundizar neles, e en segundo lugar, levando a cabo actividades e traballos como por exemplo facilitando ao alumnado unha biografía web coa finalidade de que o alumnado consolide os coñecementos.
- Estimular o traballo cooperativo. Investigacións sobre a aprendizaxe destacan a importancia de crear un clima de aceptación mutua e de cooperación para acadar unha correcta madurez persoal e intelectual. O resultado destes estudos mostran a importancia de fomentar o traballo en equipos de traballo e a distribución das actividades e responsabilidades entre os mozos e mozas.
- Promover a ludificación. O xogo permite ao alumnado avaliar os seus puntos fortes e os seus puntos débiles nun entorno libre de presións. Ofrécelles tamén a posibilidade de visualizar a súa progresión para reforzar a súa motivación, favorecendo ao mesmo tempo a súa motivación e interacción. Polo que os xogos serán un utensilio constante en todas as secuencias de aprendizaxe neste ano escolar

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material didáctico creado polo profesor, aplicacións en liña e libro Mot de passe 2 (adaptado)

Traballaremos con fichas elaboradas polo profesorado e co libro de texto "Echanges 1". Ademais, empregaremos aplicacións como kahoot e quizz para a autoavaliación e outras para a visualización de imaxes, vídeos e escoita de cancións e podcasts.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas primeiras semanas de curso, a través dunha proba escrita e doutra de comprensión oral, valoraremos o nivel do alumnado co fin de establecer os obxectivos a alcanzar.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	15	15	20	20	20	100
Proba escrita	50	65	46	30	50	37	45
Táboa de indicadores	50	35	54	70	50	63	55

### Criterios de cualificación:

Tendo en conta que a avaliación da materia será continua e baseándonos no que se establece no Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas, centrarémonos sobre todo na capacidade de comunicación que o alumnado alcance na lingua estranxeira.

Cabe sulñar que as catro destrezas (comprensión oral, expresión oral, comprensión escrita e expresión escrita) terán

un peso do 25% da nota, respectivamente.

Os CA da presente PD serán avaliados a través de probas escritas ou a través de diferentes tipos de táboas de indicadores, fundamentalmente escalas de valoración/rúbricas para corrección de traballos e de probas orais, mais tamén de escalas de observación para o día a día.

A nota trimestral, no tocante as UD se refire é a seguinte:

1º trimestre: UD 1 e 2 100%  
2º trimestre: UD 3 e 4 100%  
3º trimestre: UD 5 e 6 100%

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

1º trimestre: 20%  
2º trimestre: 35%  
3º trimestre: 45%

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, fora un resultado con decimais, por defecto aplicarase o seguinte:

-se o decimal está entre 0 e 49 o número da nota será o mesmo que sen decimais.  
-se o decimal está entre 50 e 99 o número enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

En calquera caso, se por análise da persoa docente e / ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

### **Criterios de recuperación:**

Ao tratarse dunha lingua estranxeira que implica unha aprendizaxe en progresión, o alumnado que supere a última avaliación, superará a materia.

Aquel alumnado que non tivese acadado os mínimos de consecución de cada CA ao final do terceiro trimestre, poderá recuperar a materia na segunda semana de xuño cunha proba unicamente escrita. De ser este o caso, o procedemento será o seguinte:

- Comunicación disto à familia (e paraleamente á persoa docente titora mediante correo electrónico) a través da axenda do alumnado e /ou do Abalar. Nesta especificarase aquel/les mínimos de consecución que se precisan acadar.

-Ademais, de especial importancia e interese resultará trasladar esta información ao alumnado: isto farase de maneira individual e entregándolle unha folla que recollerá o que precisa realizar para acadar ese/-s mínimo/-s de consecución, explicándolle isto verbalmente e resolvéndolle as posibles dúbidas ao respecto.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Ao tratarse dun cambio de ciclo, este apartado non aplica porque non traen a materia pendente da ESO.

#### 5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

O alumnado que non curse a materia de Lingua Estranxeira I (Francés) neste curso, poderá matricularse igualmente en segundo curso, sempre que o profesorado considere que o alumno ou alumna cumpre as condicións para seguir con aproveitamento a materia de segundo.

#### 6. Medidas de atención á diversidade

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo; por iso realizaremos actividades a distinto nivel:

- Actividades programadas para todo o grupo.
- Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa de comprensión.
- Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.
- Actividades adicionais para aquel alumnado que remata antes as tarefas individuais/grupais da clase.

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

#### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual e competencia dixital.	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Igualdade entre mulleres e homes. Educación para a saúde.	X		X		X	X
ET.4 - Prevención e resolución de conflitos e rexeitamento de calquera tipo de violencia.	X	X		X		
ET.5 - Evitaránse comportamentos, estereotipos e contidos que supoñan discriminación sobre a orientación sexual.						X
ET.6 - Afianzamento do espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a través dos traballos en grupo.					X	

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Celebración da Chandeleur.	O alumnado participará na elaboración e posterior degustación dun prato típico da gastronomía francófona: as crêpes.			
Teatro en francés.	Asistencia a unha obra de teatro			
A banda deseñada francófona e o festival de Angoulême.	Sesións na biblioteca onde se traballará cos cómics en lingua francesa, escollidos para a ocasión.			
Mulleres da historia de Francia: de Aliénor d'Aquitaine a Olympe de Gouges.	Presentación de mulleres francesas, protagonistas da historia de Francia, que foron un referente na loita dos dereitos das mulleres.			
Almorzo francés	Ao finalizar o primeiro trimestre, o alumnado terá a oportunidade de desfrutar dun prato típico francés			
Viaxe a Francia	O alumnado participará nunha viaxe que lle permitirá establecer contacto de primeira man coa cultura francófona			
Francofonía	O alumnado participará nas xornadas da Francofonía que terán lugar en Vilagarcía.			

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Realizouse unha enquisa ao alumnado sobre a práctica docente
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado
Aportouse información ao persoal docente titor.
Funcionalidade da PD: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxetivos propostos.
Usaronse diferentes instrumentos de avaliación
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado
Levaronse a cabo as medidas de atención a diversidade e foron efectivas.

### Descrición:

En liñas xerais, e agás a enquisa, farase un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro. A enquisa ao alumnado farase ao remate do 3º trimestre, e incluíranse, ente outras, unha pregunta de escala na que se valore a facilidade coa que comprendeu as instrucións dadas, así coma outras sobre a adecuación das UD as súas necesidades.

Na funcionalidade da PD tamén se incluírán observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambios reflectidos, especialmente, e , entre outros puntos, se o número de sesións se adecúan e se estas son suficientes, de cara á elaboración de seguimentos da PD.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Esta revisión terá en conta os seguintes puntos:

- Seguimento da PD no apartado que corresponde a PROENS:

- a. Reunións trimestrais do equipo docente.
- b. Grao de cumprimento da PD
- c. Propostas de mellora da PD

- Actividades complementarias (realizadas ou non)

## **9. Outros apartados**

### **1. Tratamento integrado de linguas.**

Será necesaria a coordinación entre o profesorado de Francés e o das linguas cooficiais para reforzar conxuntamente a aprendizaxe de calquera lingua, no que se refire á tipoloxía textual, á definición de termos lingüísticos e á utilización de terminoloxía similar. O alumnado achégase á lingua estranxeira partindo, xeralmente, da lingua materna ou ambiental, polo que é esencial o tratamento integrado de todas as linguas e a colaboración do profesorado que as imparte.